

# O EURO: UN NOVO CONTORNO SOCIOECONÓMICO

AIESEC

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 5 outubro 1998

*Aceptado:* 14 decembro 1998

A primeira fin de semana de maio de 1998, 11 países da UE protagonizaron un momento histórico no proceso de unificación europea, co nacemento do euro, a posta en marcha da UME e a consolidación do maior mercado mundial con 290 millóns de persoas.

Isto suscita numerosas cuestións en torno á transcendencia socioeconómica deste acontecemento e existen moitos puntos de vista sobre a súa posible repercusión nos axentes económicos e sociais.

Con esta finalidade, a Asociación Internacional de Estudiantes (AIESEC) organizou, dende a súa oficina local en Santiago de Compostela, un ciclo de conferencias que, baixo a denominación *El euro: un nuevo entorno socioeconómico*, pretendía repasar tódolos aspectos nos que a Unión Monetaria afectará ás nosas vidas. Por isto, partindo dunha introducción histórica, os contidos do ciclo desenvóléronse arredor dos piares principais sobre os que descansa calquera economía: as economías domésticas, o aparello productivo e as entidades financeiras.

Co ánimo de fomentalo espírito crítico e ó tempo o debate, e tendo en conta os distintos puntos de vista que este tema provoca, o último día organizouse unha mesa redonda na que os participantes expuxeron cunha visión propia e particular cómo será a sociedade do euro.

Logo dunha semana de conferencias e debates non se pode dicir que se chegara a unha conclusión, pero o obxectivo de trasladárille-la inquietude ós estudantes foi cumprido. Nas súas mans está prepararse e, deste xeito, estarán preparando a sociedade para o cambio que se aveciña.

## DESENVOLVEMENTO DAS CONFERENCIAS

O luns 11 de maio de 1998, ás 12 horas, tivo lugar a inauguración do ciclo de conferencias coa presenza do decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, D. Javier Rojo Sánchez. Ás 16 horas, o profesor D. Miguel Pousa Hernández pronunciou a primeira conferencia do ciclo titulada *La larga marcha hacia el euro. Del Tratado de Roma a la moneda única*. Ás 18 horas, o profesor D. Luis Otero González pronunciou a conferencia titulada *Una visión general sobre el euro*.

moeda única non implicaba modificación do valor do diñeiro e, polo tanto, non alteraba as condicións contractuais. O conselleiro mostrou a súa preocupación polos contratos asinados, pero non completados, antes da fase de transición e autorizou a solicitude dun informe a un despacho de avogados sobre as repercusións legais do euro en FERDIAUTO. Independentemente do asesoramento legal externo, pediulle ó responsable de planificación estratéxica da empresa que lle buscara a seguinte información: o Regulamento do Consello (CE) núm.1103/97, de 17 de xuño de 1997 sobre determinadas disposicións relativas á introducción do euro (este primeiro regulamento fixa as cuestións relativas á substitución do ecu polo euro, a continuidade dos contratos, os tipos de conversión e o redondeo); en segundo lugar, solicitou tamén o borrador de regulamento sobre a introducción do euro (este regulamento, que ten prevista a súa entrada en vixor para o 1 de xaneiro de 1999, só será de aplicación naqueles países que dende a data da súa entrada en vigor adoptaran o euro como moeda única. A norma regulará os seguintes aspectos: a substitución das moedas nacionais polo euro e o período transitorio no que convirán a moeda única con billetes e moedas nacionais).

O máximo responsable da empresa entendía que o Tratado da Unión Europea e estes dous regulamentos eran unha boa base para solucionar dúbidas e indicou os sinais de alerta sobre os que a empresa tería que centra-la súa solicitude ós asesores legais: a continuidade de contratos, os tipos de conversión e redondeo, o impacto na fiscalidade directa, a redacción dalgunha cláusula adicional de adaptación ós novos contratos, os contratos que inclúen valores de referencia que desaparecen (contratos financeiros referenciados a MIBOR) e a conversión nominal das accións a euros.

A segunda cuestión sobre a que tamén parecía necesario solicitar axuda externa era a dos sistemas informáticos da empresa, xa que un informe preliminar elaborado por un técnico en informática, empregado de FERDIAUTO, destacaba o seguinte:

O impacto da moeda única afectará de forma moi directa ás tecnoloxías da información xa que coa súa entrada en vixor os sistemas que se utilizan deben reconecelos decimais e realizar de forma correcta os redondeos.

Ademais, unha vez elaborado un catálogo de problemas e a identificación dos posibles sistemas afectados, e independentemente do cambio informático que orixine o euro, existe a adaptación técnica do ano 2000 co que, baixo o seu punto de vista, estamos ante un dobre impacto polo que recomenda non unha adaptación senón unha renovación dos sistemas. Agora ben, antes de decidir esta cuestión de forma definitiva sería necesario coñecer algunhas cuestións claves como son o custo comparativo de adaptación dos sistemas actuais, o investimento novo, o mantemento de novos equipos, as necesidades da empresa en función das súas expectativas de crecemento, as novas liñas de negocios, a innovación de produtos, etc.

O martes 12 de maio tiveron lugar as seguintes conferencias: *El euro y las economías domésticas*, a cargo de D. Joaquín Álvarez, e *El euro y las empresas*, a cargo de D. Rafael Sánchez Sostre.

O mércores foi a vez de D. Pedro Veiga Fernández, que pronunciou a conferencia *El euro y el sistema financiero*, e de D. Carlos Bravo Francos e D. Antonio Sánchez Suárez coa conferencia titulada *El impacto en los productos financieros*.

Para termina-lo ciclo, o xoves 14 de maio, ás 16 horas, realizouse o debate titulado *La sociedad del euro*, no que participaron D. José Álvarez Cobelas (director xeral de Política Financeira e do Tesouro da Xunta de Galicia), D. Manuel Lago Peñas (economista de Comisións Obreiras), D. Xosé Díaz (membro do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego) e D. Ceferino Díaz (profesor de Economía Aplicada); moderando as intervencións estaba D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Bello (profesora de Dereito Mercantil).